

OS GAITEIROS DE RIANXO

(Músicos de Piloño)

Xabier Vázquez Parceró
Francisco Lareo Morao

Saber cales foron as orixes dos gaiteiros da parroquia de Piloño, resulta difícil inda que si se pode afirmar, que aqueles que formaron parte desta agrupación musical ó longo do tempo, tiveron que compaxinar a música cós traballos agrícolas de cada estación resultando moitas veces que a terra e a música eran complementarias a unha da outra.

Algúns tiveron gran repercusión polo seu ben tocar. Outros, tiveron o protagonismo engadido dunha desgracia.

Hoxe en día, cando o concepto, uso e aproveitamento da música responde moitas veces a intereses económicos e de mercado máis que a unha manifestación cultural, resucitar o recordo dos “gaiteiros de Piloño” é unha débeda con aqueles que souberon manter viva a identidade musical dun pobo.

José García Becerra é un home de setenta e cinco anos, que sabe emocionarse cos recordos, que non esquece a súa historia e que, nunha tarde de marzo na Solaina, xunto co seu veciño Ramón Santos Espiño debullan case que sen necesidade de preguntas, o pasado que aquí os trae para dar testemuña das súas vivencias.



GAITEIROS DE PILOÑO E SIMPATIZANTES NA 1ª FESTA DE STA. ISABEL DE BENDAÑA - 1945

José do Lourido (como así é coñecido) inicia o seu relato na curta idade de doce anos cando recorda de neno ir coas vacas a pacer e levar un flautín co que entreterese e reproducir as notas dunha melodía que se cadra so tiña escoitado unha vez. Unha noite de choiva, o gaiteiro coñecido como José de Valo de Piloño xunto con outros músicos, chega á casa deste cativo mentres se está a cocer o pan. Íanlle propor formar parte do grupo "Os gaiteiros de Rianxo" como así eran coñecidos polo contorno. A súa nai, máis interesada polo traballo que pola música, de mala gana dá o consentimento e dende aquela noite, o grupo queda formado por seis músicos:

-José Martínez da casa de Valo de Piloño e Perfecto Lareo Parcero da casa de Rosa de Brandariz (gaitas).

-José García Becerra de Piloño e Jesús Veiga Junquera de Rianxo (flautín).

-Rodosindo Veiga Fuentes de Rianxo (caixa).

-Eduardo Lorenzo da casa de Carballeira de Brandariz (bombo).

Tan neno era José no ano mil novecentos corenta e un que os seus compañeiros, ó vir de tocar, acompañábanos ata a casa para que non tivese medo.

Ó falar dos gaiteiros, é obrigado recordar a José de Valo, coñecido como un virtuoso da gaita e considerado por moitos como o mellor gaiteiro que tivo a parroquia de Piloño. Valo daquela, era o representante da agrupación. Os acordos económicos e outros tratos relacionados coas actuacións, eran decididos por el. Os honorarios dependían do lugar de actuación e do tipo de celebración. Así era que polo ano 1940, ás parroquias limítrofes cobrábanlle daquela tres pesos (quince pesetas) pero para Novefontes no concello de Touro e aquelas outras que obrigase a un desprazamento, a tarifa era de un peso máis, é dicir, vinte pesetas.



DESCUBERTA DA PEDRA "HOMENAXE ÓS GAITEIROS DE PILOÑO"

Os actos para os que eran chamados habitualmente, eran de carácter relixioso ou ben para as romarías e os foliotes.

Unha das festas de relixiosas máis importante, era o día de Corpus; alí había que demostrar o dominio do compás, da sincronía e o saber actuar cando durante a procesión,

mentres ían tocando a “Marcha Real” (himno de España), tiñan que facer coincidir o ritmo dos instrumentos co ritmo dos que encabezaban a procesión e estar atentos á maza do músico que tocaba o bombo para saber en que momento tiñan que deterse e facer unha pausa. Saber facelo, era sinónimo de profesionalidade e para non equivocarse, durante os días anteriores practicaban unha e outra vez ó redor da mesa do comedor da casa de Valo a solemne procesión como si nela estivesen.

Menos piadosas pero non por iso menos necesarias, eran as romarías que organizadas daquela polos mozos, podían contratarse para animar as noites festivas. Non acostumaban rematar máis tarde da unha da madrugada agás a romaría de “Hoy Vas” que sempre remataba no luscofusco. Nestes casos, os gaiteiros compartían recital xunto coas “músicas” así chamadas daquela ás bandas de música actuais que, formadas por 10, 15, 20 ou 25 músicos, repartían de forma alterna as intervencións. A banda tocaba tres pezas facía un descanso e os gaiteiros tocaban tamén tres temas. A vantaxe de contratar ós gaiteiros, residía principalmente no seu económico prezo e na innecesaria autorización ou permiso da Garda Civil para poder tocar.



GRUPOS DE GAITAS NA HOMENXE ÓS GAITEIROS DE PILOÑO NA SOLAINA

Os gaiteiros carecían ó contrario dos músicos, de formación musical. Os seus coñecementos residían nunha aprendizaxe baseada na escoita e repetición dos temas que interpretaban as bandas de música nas súas actuacións descoñecendo incluso en moitos casos, os nomes das pezas que interpretaban. Para poder identificalas, usaban a fórmula de designar ás mazurcas, rumbas, pasodobres, xotas, muiñeiras... co nome da banda e o lugar ou nome da festa na que oíron tocar ese tema, así por exemplo falaban do “pasodobre da música de Merza no San Ramón” ou a “muiñeira da música de Camanzo na Santa Rita de Añobre”... Rodosindo de Rianxo, era o encargado de escoller cada peza que se ía interpretar tarareando de memoria os primeiros compases de cada tema, José do Lourido di: ... “temos baixado na mesma noite de Añobre ó San Ramón na Ponte para escoitar e aprender unha nova peza”... recorda con orgullo a dificultade que supuña interpretar o “Jaimito” e o seu alto nivel de interpretación.

Nunha ocasión, tocando polo San Ramón en Merza subidos no remolque dun camión, o director da Música de Merza reparou no dominio e soltura con que José tocaba o

flautín e aquela mesma noite propúxolle integrarse na súa agrupación musical; a oferta consistía en clases de música, un flautín novo que valía 1.200 pts. e un traxe novo para as actuacións. Aquela era unha boa oportunidade para aprender música e gañar en cada actuación 200 pts. inda que había que descontar 20 duros en cada festa para pagar o traxe. Ás agachadas e sen que a súa nai soubese nada, ía xunto o director da banda a aprender solfexo descoitando as tarefas que lle tiñan encomendado...durante aqueles días, sempre chegaba tarde para xantar, inventando calquera escusa para xustificar o retraso.... pasados quince días, alguén descobre na súa casa a verdade truncando deste xeito a súa carreira musical. Aquela aproximación á música das bandas custoulle dúas lapadas, quedar sen o xantar e a cea e ter que durmir fora da casa aquela noite.

A súa segunda oportunidade de aprender música, preséntaselle cando vai cumprir co servizo militar en Ferrol, o día que marchou da casa, levaba en mente a idea de “como haxa gaiteros no cuartel, nunca para a casa volvo” pero para o seu infortunio, un novo coronel recen ingresado, suspendera ó grupo de gaitas que ata ese momento había. Cando volve licenciado do cuartel, decide abandonar o grupo de gaiteros emigrando pouco tempo despois a Francia.

Os “gaiteros de Rianxo” foron sen sabelo, os responsables de manter viva a tradición de cantar pola aldea adiante Os Reis na noite do cinco de xaneiro. Empezaban o seu percorrido pola Bandeira, Pazos, Merza e rematar en Piloño tocando na misa e por último o día 6 de xaneiro a eso das sete da noite no inverno, tocaban na casa de Galatán en Pousada ou na casa de Vázquez en Paxariñas. Para aquelas ocasións, o grupo ten aumentado ata os oito compoñentes xa que as panxoliñas, o seren cantadas, necesitaban de voces como a do “Cachena” de Fao que estaba de criado na casa de Vispo e que cantaba ben.

Bernaldo o muiñeiro, Chacón, Carmelo de Espiño e máis Enrique de Silva, eran os que cantaban case sempre en Piloño as panxoliñas do Nadal. Estes catro músicos formaron parte dun grupo de gaiteros de Piloño anterior ós “gaiteros de Rianxo” pero anos despois, deixaron paso a outros músicos dedicándose eles a tocar nalgunhas romarías do contorno inda que, non por iso, se debe considerar menos importante a súa achega á divulgación da música popular.

Tristemente, tras unha destas actuacións escríbese nesta parroquia un dos episodios máis dramáticos e conmovedores que se recorda entre a vecindade.

A trágica historia dos músicos afogados no río Ulla, a noite de Santiago Apóstolo no ano 1969, é o derradeiro episodio da historia musical da parroquia de Piloño. Tras este suceso, abriuse un longo período de silencio folclórico que inda perdura.

O acontecido aquela noite resúmese nas seguintes liñas:

A noite do 25 ó 26 de xullo do ano 1969, noite de Santiago, tres gaiteros de Piloño, Carmelo Espiño, o seu fillo Jesús e Enrique Silva volvían ás súas casas despois de actuar na festa de Santiago de Novefontes no concello de Touro. O único instrumento que levaban devolta era a gaita de Valo de Combarro prestada polo seu dono para aquela ocasión, os outros instrumentos quedaran na casa dun veciño de Novefontes xa que logo, debían volver a tocar ó día seguinte.

Entre Piloño e Novefontes, só existen uns poucos metros de auga do río Ulla que daquela se salvaban gracias á barca de Saturno e a barca de Ramiro.

Sobre as 3 hs da madrugada chegan os tres músicos ó lugar coñecido como “A Ponte Basebe” en compañía doutros tres romeiros veciños da parroquia de Salgueiros Manuel

Pampín Peiteado, José Souto Ramos e Carlitos Parceró Navaza que, pretendían igual ca eles, volver ás súas casas cruzando o río na barca de Saturno.

O río, controlado pola central hidroeléctrica de Portodemouros levaba moito caudal de auga.

O dono da barca, experto patrón fluvial, negárase a cruzalos debido ó abundante caudal do río.

A noite propiciaba á valentía.

O desafío parecía viable.

Embarcados os seis xoves no barquete botáronse a un río descontrolado, apaixonado, atrevido e festivo que aceptaba o reto dos seis homes.

A forza da natureza fronte a fronte contra os seis mozos.

Perdido o contacto co aramio guía que une ámbalas dúas beiras do río como único vieiro que vencella a terra coa vida, a barca perde autonomía e como unha mortífera cesta de vimbios gobernada por unha tripulación de homes desesperados, pérdese na escuridade, batendo corpo con corpo entre os saloucos húmidos e desesperados duns homes que tentan resucitar dun final que xa non ofrece dúbidas.



PÚBLICO ASISTENTE NA SOLAINA Á HOMENAXE ÓS GAITEIROS DE PILOÑO

A traxedia non tarda en escribir tres nomes; os músicos Enrique Silva e Carmelo Espiño e o mozo José Souto Ramos desaparecen entre as augas.

Jesús Espiño, abrazado a un ameneiro, combate corpo a corpo contra o seu destino amarrado á vida, durante seis horas de loita desesperada.

Manuel Pampín e Carlitos Parceró, os únicos tripulantes que conseguen escapar daquel naufraxio, dan a voz de alarma entre a vecindade que xunto coa Garda Civil, descubren os corpos sen vida de Enrique e José. O corpo de Carmelo, tardaría cinco días en aparecer.


Nunha das beiras do río, onde a auga lixeiramente amaina das correntes, a gaita de Valo, arrolada polos prantos dos carballos, é rescatada do naufraxio.

Aquela madrugada de Santiago foi para Piloño, a derradeira noite, o derradeiro estío, a derradeira viaxe da música á escuridade dun silencio que inda hoxe perdura.

O pasado 13 de decembro de 2003, a Fundación A Solaina de Piloño, quixo render publicamente unha homenaxe a todos estes homes que dalgún xeito sen sabelo, escribiron unha páxina insubstituíbel da nosa historia e da nosa cultura.

Agradecemos dende aquí, a tódalas persoas que coa súa testemuña, colaboraron a recuperar nestas liñas a memoria da parroquia de Piloño.

**HOMENAXE ÓS GAITEIROS DE PILOÑO NA FUNDACIÓN CASA MUSEO
"A SOLAINA" DE PILOÑO O 13-12-2003.**



TALLA EN PEDRA REALIZADA POR PACO LAREO EN HOMENAXE ÓS GAITEIROS DE PILOÑO